

ACTA DA REUNIÓN DA 2ª SESIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 15 de marzo de 2017

Lugar: Edificio do Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela

Hora de comezo: 11 horas en primeira convocatoria, 11:15 h. en segunda convocatoria

Hora de remate: 14,00 h

ASISTENTES

Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), presidente

Natalia Prieto Viso (directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta

Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria e vogal

Marina García Pita (subdirectora xeral de Arquivos), vogal

Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal

Gabriel Quiroga Barro (xefe da Sección do Arquivo do Reino de Galicia), vogal

Alfonso Cascudo Rasilla (xefe da Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra), vogal

Mª José García Sexto (directora da Área de Modernización das Administracións da AMTEGA), vogal

Margarita de la Calle Amaro (analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), vogal

Carlos Iglesias Patiño (xefe do Servizo de Coordinación e Planificación do Instituto Galego de Estatística), vogal

Carmen Moreiras Plaza (técnica de documentación do Parlamento de Galicia), vogal

José Luis Castro Carpintero (técnico de arquivos da Deputación Provincial de Pontevedra), vogal

Susana Díaz García (técnica de arquivos do Concello de Foz), vogal

Rodrigo Silva Poceiro (arquivoiro do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra), vogal

Ana Fonte Bouza (subdirectora xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas), vogal

Juan González Acevedo (subdirector xeral de Fiscalización e Control Interno), vogal suplente

Mª Isabel Novo Castro (letrada da Asesoría Xurídica de Cultura), vogal

AUSENTES

Pilar Cagiao Vila (profesora titular de Hª Contemporánea da USC)

José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica (xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña)

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 1ª sesión constitutiva do Consello de Avaliación Documental de Galicia
2. Presentación dos novos membros do Consello, representantes dos arquivos da Administración local de Galicia
3. Informe da proposta de designación de membros dos grupos de traballo
4. Informe sobre os criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e o acceso aos documentos
5. Informe sobre o formulario normalizado para recoller o contido dos estudos de identificación e avaliación de series documentais
6. Informe sobre o formulario normalizado para elaborar as táboas de avaliación documental e do seu extracto
7. Informe sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:
 - Intervención Xeral da Xunta de Galicia: Expedientes contables de gasto
 - Política Social: Expedientes de axudas a familias con fillo a cargo
 - Función Pública: Expedientes de axudas do fondo de acción social para o persoal da Xunta de Galicia
 - Traballo: Expedientes do rexistro de contratos laborais
8. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da 1ª sesión constitutiva do Consello de Avaliación Documental de Galicia**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior
2. **Presentación dos novos membros do Consello, representantes dos arquivos da Administración local de Galicia**

O presidente presenta aos novos membros do Consello de Avaliación Documental de Galicia en representación da FEGAMP, José Luís Castro Carpintero, xefe de Sección do Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, en substitución de Alberto González Fernández, alcalde de Valdoviño, e Susana Díaz García, técnica de arquivos do Concello de Foz, en substitución de Javier Jorge Castiñeira, alcalde do Concello de Foz.

A razón desta substitución é que, segundo o artigo 5 b) 2º do Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia, os representantes dos arquivos das administracións locais, por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias teñen que ser arquivistas ou arquivistas e non representantes políticos.

Presentación de Rodrigo Silva Poceiro, vogal titular en representación dos arquivos xudiciais, que non estivo presente na sesión de constitución do Consello.

3. Informe sobre a designación dos membros dos grupos de traballo

Na sesión constitutiva do consello que tivo lugar o día 14 de xullo de 2016 acordouse a creación de tres grupos de traballo:

- Grupo de traballo da Administración Autonómica
- Grupo de traballo da Administración Local
- Grupo de traballo dos órganos estatutarios e Consello Consultivo de Galicia

Para o Grupo de traballo da Administración Autonómica o presidente propón as seguintes persoas:

1. María del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal do Consello de Avaliación Documental, coordinadora do grupo
2. Marina García Pita, subdirectora xeral de Arquivos, vogal do Consello de Avaliación Documental
3. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia e vogal do Consello de Avaliación Documental
4. Concepción García García, xefa de Sección do Arquivo de Galicia e vogal suplente do Consello de Avaliación Documental
5. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra e vogal do Consello de Avaliación Documental
6. Olimpia López Rodríguez, xefa de Sección do Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo e vogal suplente do Consello de Avaliación Documental
7. Carmen Varela Mosquera, técnica de arquivos do Arquivo de Galicia
8. José Ramón López Fernández, técnico de arquivos do Arquivo de Galicia

9. Violeta Bernal Díaz, xefa de Sección do Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

10. Antonio Fernández Domínguez, técnico de arquivos do Arquivo Central de Cultura

11. María Asunción Díaz Bernárdez, xefe da Sección do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Para o Grupo de traballo da Administración Local propón ás seguintes persoas:

1. José Luis Castro Carpintero, xefe de Sección do Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra e vogal do Consello de Avaliación Documental, coordinador do grupo.

2. Marisé Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos e vogal do Consello de Avaliación Documental

3. Estrella Llano Buján, xefa da Sección do Sistema de Arquivos

4. Cristina Sánchez Quinteiro, técnica de arquivos do Arquivo Municipal da Coruña

5. José Rodríguez-Villasante Daviña, técnico de arquivo do Arquivo Municipal de Ferrol

6. Susana Díaz García, técnica de arquivos do Arquivo Municipal de Foz e vogal do Consello de Avaliación Documental

7. Rosa Canto Reboredo, técnica de arquivos do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo

8. Sabela Gayoso Carreira, técnica de arquivos do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo

9. Chus Saavedra Carballido, técnica de arquivos do Arquivo Municipal de Lugo

10. Ana Malingre Rodríguez, responsable do Arquivo da Deputación Provincial de Ourense

10. Enrique Sotelo Resurrección, técnico de arquivos do Arquivo Municipal de Pontevedra

11. Lourdes Pérez-Santamarina Feijóo, xefa de Sección Arquivos da Deputación provincial de Pontevedra

E por último, propón as seguintes persoas para o Grupo de traballo dos órganos estatutarios e Consello Consultivo de Galicia

1. Carmen Moreiras Plaza, técnica do Parlamento de Galicia e vogal do Consello de Avaliación Documental, coordinadora do grupo

2. María del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal do Consello de Avaliación Documental

3. Marina García Pita, subdirectora xeral de Arquivos, vogal do Consello de Avaliación Documental.



4. M^a Isabel Fernández González, técnica do Parlamento de Galicia, vogal suplente do Consello de Avaliación Documental.
5. Caridad Sanz Bravo, técnica de arquivos e xefa de Sección do Arquivo do Consello de Contas de Galicia.
6. Consuelo Tacón Sanjuás, técnica de arquivos do Arquivo do Consello de Contas de Galicia
7. Marisé Piñón López, técnica de arquivos, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos e vogal do Consello de Avaliación Documental
8. Estrella Llano Buján, xefa da Sección do Sistema de Arquivos

Aceptan a participación pero queda pendente a designación dos outros órganos do Grupo, Consello da Cultura Galega, Valedor do Pobo e Consello Consultivo de Galicia

4. Informe sobre os criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e o acceso aos documentos.

Preséntase a proposta dos criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e o acceso aos documentos, elaborada segundo o artigo 4.2 do Decreto 15/20116, do 14 de xaneiro para a súa aprobación polo Pleno do consello.

Este documento será accesible a través da plataforma colaborativa do Espazo Arquivos e no portal de Arquivos de Galicia. Debátese a conveniencia de darlle a máxima difusión mediante a publicación da resolución no DOG.

5. Informe sobre o formulario normalizado para recoller o contido dos estudos de identificación e avaliación de series documentais.

Explicase o contido do formulario de identificación como documento de traballo que recolle o estudo das series documentais e que serven para elaborar os ditames formulados nas táboas de avaliación documental, que serán aprobadas polo titular da consellería e publicadas en extracto no DOG.

6. Informe sobre o formulario normalizado para elaborar as táboas de avaliación documental e do seu extracto.

Explicase o contido do formulario para elaborar as táboas de avaliación documental e o seu extracto como documento elaborado polo consello, que recolle o resumo do estudo e o ditaminado ao respecto da serie documental. Segundo o decreto que regula o procedemento, o extracto deberá publicarse no DOG.

7. Informe sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:

- AA 559. Expedientes de prestación por fillo menor a cargo.

- AA 140: Expedientes contables de gasto das Intervencións Delegadas
- AA 260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
- AA 1301: Expedientes do rexistro de contratos laborais

- AA 559 *Expedientes de prestación por fillo menor a cargo*: o representante do Instituto Galego de Estatística sinala que non está de acordo co valor informativo como escaso que se lle atribúe no estudo. Di que podería ter un valor estatístico e que coa conservación parcial proposta non podería realizarse a explotación dos datos de interese (sexo, idade, estado civil, parentesco, nacionalidade, tipo de fogar...), posto que non quedan reflectidos no expediente principal. Asemade, a destrución afectaría a expedientes dos que non existe rexistro informático.

Por outra banda, di que existía unha actividade programada nos PEA 2015 e 2016, 25-606 Estatística de infancia e adolescencia (Decretos 164/2014, do 26 de decembro e 185/2015, do 23 de decembro, respectivamente), cunha execución insatisfactoria. Asemade, no PEA 2017 (Decreto 188/2016, do 22 de decembro), volve programarse unha actuación, na actividade de interese estatístico AIE16, que consiste en redactar un proxecto de Indicadores de infancia e adolescencia. Esta serie podería constituír unha fonte para algún destes indicadores.

Mesmo a explotación desta fonte administrativa podería encadrarse de seu no Plan galego de estatística (Lei 15/2016, do 28 de xullo) porque existe meta, Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais na sección 2.5, e, ademais, é unha prestación propia da C.A. de Galicia.

- AA 140: *Expedientes contables de gasto*: a representante da Intervención Xeral da Xunta de Galicia comunica a intención dese organismo de publicar unha norma que dea respaldo a selección proposta no estudo que establece un prazo de 6 anos para a súa eliminación, tal como figura na da Administración Xeral do Estado.

- AA 260: *Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para persoal ao servizo da Xunta de Galicia*.

Coméntase a necesidade de actualizar e corrixir a normativa como a lei de transparencia e a referencia á lei de patrimonio histórico español, xa que hai normativa autonómica.

Debátese a proposta de selección e suxírese a eliminación total dos expedientes xerais deixando tan só unha mostra de exemplar por tipo de axuda.

Cuestionase se os expedientes de mostra que acompañan os estudos poden facilitarse aos membros do consello sen ocultar os datos persoais que conteñen que poderían enviarse borrando estes datos.

- AA 1301: *Expedientes do rexistro de contratos laborais*: no apartado de vinculación con outras series documentais propónse cambiar a denominación das producidas polo Instituto Galego de Estatística de “Resultados estatísticos” en lugar de Datos estatísticos, porque os datos

residen na consellería do ramo, neste momento a Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria.

8. Rolda de intervencións

Alfonso Cascudo intervén en relación aos expedientes contables de gasto xa que considera que o acceso restrinxido aos 50 anos é un prazo moi amplo. En Andalucía son de acceso libre. Propón que sexan de acceso libre agás que conteñan datos especialmente protexidos.

Acordos:

1. En relación aos estudos de series presentados:

Apróbanse os estudos das series:

- AA 1301 Expedientes do rexistro de contratos laborais
- AA 559 Expedientes de prestación por fillo menor a cargo
- AA 260 Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

Nestes estudos hai que cambiar as referencias á Lei de Patrimonio Histórico Español e ao Real Decreto 1708/2011 pola referencia á Lei de arquivos e documentos de Galicia.

A AA 140, Expedientes contables de gasto, queda pendente de aprobar.

2. Acórdase utilizar o Espazo Arquivos como plataforma de comunicación entre os membros do consello e dos grupos de traballo. Neste espazo poderán consultarse os documentos de traballo.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas.

A secretaria


Marisé Piñón López

Vº e Prace

O presidente


Anxo M. Lorenzo Suárez

